



CANTO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO

PARTE A: INTERPRETACIÓN

- Interpretación das obras que o tribunal elixa dunha relación presentada polo candidato ou candidata dun programa de ata 30 minutos con obras pertencentes a diferentes xéneros vocais (Oratorio, Lied, canción de concerto, Ópera e Zarzuela), diferentes estilos, representativos de diferentes autores e épocas dunha dificultade adecuada ao nivel de acceso ao estudos superiores de canto.
- O programa deberá conter un mínimo de tres idiomas estranxeiros entre os principais do repertorio lírico: italiano, alemán, inglés e francés.
- No momento da proba deberá entregarse ao tribunal unha relación escrita das obras, na orde na que se ten previsto interpretar e copia das partituras na mesma orde que se indica na lista.
- A interpretación do repertorio deberá facerse de memoria, agás o oratorio ou a cantata.
- Criterios de avaliación: ver anexo coa rúbrica de avaliación

PARTE C: LECTURA Á VISTA

- Interpretación "a capella" dunha obra breve ou fragmento proposto polo tribunal, cun tempo de preparación de 5 minutos, que se fará diante do tribunal.
- A partitura facilitada aos aspirantes permanecerá no atril do piano.
- Para a preparación, o/a aspirante poderá tocar no piano o acorde/arpexio e/ou tonalidade na que estea a peza, antes de empezar a preparala.
- Para facilitar a correcta afinación, xusto antes de interpretación da obra ou fragmento, o/a aspirante poderá tocar no piano o acorde da tonalidade.
- Criterios de avaliación: ver anexo coa rúbrica de avaliación